

**BASES DA CONVOCATORIA DE AXUDAS ÁS FAMILIAS PARA AS ACTIVIDADES DE
CONCILIACIÓN NO VERÁN DO CONCELLO DE CARBALLO
ANO 2016**

Co obxecto de axudar ás familias que se atopan nunhas condicións socioeconómicas máis desfavorables a afrontar os gastos derivados da participación dos seus fillos e fillas entre 4 e 12 anos nas actividades de conciliación da vida laboral e familiar, propónse á Xunta de Goberno local que adopte os seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar as Bases da Convocatoria de Axudas ás familias para as actividades de conciliación no verán do concello de Carballo , para o ano 2016 que se anexan a esta proposta.

**BASES DA CONVOCATORIA DE AXUDAS ÁS FAMILIAS PARA AS
ACTIVIDADES DE CONCILIACIÓN NO VERÁN DO CONCELLO DE CARBALLO
ANO 2016**

PRIMEIRA.-

Co obxecto de axudar ás familias cunhas condicións socioeconómicas máis desfavorables a afrontar os gastos derivados da necesidade de conciliar a súa vida laboral e familiar, o Concello de Carballo convoca as "axudas ás familias para as actividades de conciliación no verán do concello de Carballo ".

SEGUNDA.-

Para ser beneficiario destas axudas será requisito indispensable estar empadroado e ser fillo/a de pais empadroados no termo municipal de Carballo, con veciñanza no municipio, e convivir co beneficiario, ou emancipados con domicilio neste municipio.

TERCEIRA.-

Para a valoración de solicitudes destas axudas teranse en conta criterios económicos e sociais. Estes criterios pondéranse da seguinte maneira:

Situación Económica.

1.- Ingresos máximos da unidade familiar: Poderán optar a unha axuda aqueles/as solicitantes cuns ingresos familiares anuais que non excedan as cantidades que se recollen na táboa seguinte .

Por renda familiar mensual menor ou igual á pensión non contributiva (9 puntos)

Por renda familiar mensual inferior ou igual ao 75% do IPREM (8 puntos)

Por renda familiar mensual inferior ou igual ao 125% do IPREM (7 puntos)

Por renda familiar mensual inferior ou igual ao 175% do IPREM (6 puntos)

Por renda familiar maior ao 175% do IPREM (5 puntos)

IPREM ano 2016 532,51€

2.- Cálculo da renda familiar: Os ingresos familiares calcularanse por agregación das rendas de cada un dos membros computables da familia que obteñan ingresos de calquera natureza, de conformidade coa normativa reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas. Os membros da unidade familiar que presentasen Declaración do Imposto sobre a Renda de 2015, para os efectos do cálculo da renda familiar sumarán os recadros 430 (base imponible xeral) e a 445 (base imponible do aforro) da Declaración. No caso de exención legal de presentar a Declaración da Renda, presentarase Certificado de estar exento desta, na que tamén consten os datos sobre os ingresos que posúe a Axencia Tributaria

3.- Renda per cápita: Para a valoración das solicitudes, a aqueles solicitantes que non superen os ingresos familiares anuais antes sinalados, calcularáselle a renda per cápita da unidade familiar, dividindo a renda familiar entre o número de membros computables da unidade familiar.

Para os efectos do cálculo da renda per cápita, computarán por dous os membros da unidade familiar (pai, nai, alumno e irmáns)

cunha discapacidade igual ou superior ao 33%, que acrediten unha pensión de incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou grande invalidez ou que teñan recoñecida a condición de pensionista de clases pasivas cunha pensión de xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade. No caso de menores de idade que non teñen dereito a recibir pensión, deberán presentar unicamente o certificado de grado de discapacidade.

4.- Membros computables:

4.1.- Considerarase membro computable da unidade familiar os pais non separados legalmente e, no seu caso, o titor/a ou a persoa encargada da garda e protección do/a menor, o/a solicitante, os irmáns ou irmás con discapacidade física, psíquica ou sensorial que convivan no domicilio familiar ou incapacitados xudicialmente, suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada, e os irmáns ou irmás menores de idade, con excepción dos emancipados, e os irmáns solteiros/as menores de 25 anos que convivan no domicilio familiar a 31 de decembro de 2014.

4.2.- Cando non exista vínculo matrimonial, a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai e todos os fillos dos pais que convivan con eles e que reúnan os requisitos citados anteriormente. No caso de que non exista convivencia deberá acreditarse documentalmente mediante o correspondente certificado ou volante de convivencia colectivo ou outros documentos que acrediten suficientemente tal extremo.

4.3.- No caso de familias monoparentais en que conviva un só proxenitor ou titor/a co alumno/a, deberá acreditarse documentalmente esta circunstancia. No caso de divorcio ou separación legal dos pais non se considerará membro computable aquel que non conviva co alumno/a. Non obstante, se é o caso, terá a consideración de membro computable o novo cónxuxe ou persoa unida por análoga relación, e as rendas incluíranse dentro do cómputo da renda familiar.

4.4.- No caso de falecemento dalgún dos proxenitores do alumno/a que convivisen con el, acreditarase mediante certificado de defunción ou fotocopia do libro de familia onde figura esta

circunstancia.

4.5.- A separación ou divorcio acreditarase mediante sentenza xudicial que a determine ou convenio regulador onde conste a custodia do menor.

4.6.- No caso de separación ou divorcio dos proxenitores con custodia compartida acreditada mediante sentenza xudicial, as rendas de ambos incluíranse dentro do cómputo da renda familiar.

4.7.- En casos especiais en que a unidade familiar non estea conformada do xeito establecido no punto 4.1. destas bases, deberá achegarse certificado ou volante de convivencia colectivo en que figure o alumno/a polo cal se solicita a axuda e todos os familiares que convivan con el, así como certificado dos servizos sociais do municipio que acredite tal extremo.

4.8.- Nos supostos en que o solicitante da axuda sexa un menor en situación de acollemento, será de aplicación á familia de acollida o disposto nos parágrafos anteriores.

4.9.- Nos casos de violencia de xénero, no ámbito familiar quedarán excluídos no cómputo das rendas os ingresos do agresor, considerándose a familia como monoparental.

Situación laboral familiar.

Nai e pai en situación de desemprego:

- Sen prestación económica: 6 ptos
- Con prestación económica: 5 ptos

Nai e pai en situación de emprego: 4 puntos

Situación sociofamiliar:

Familia monoparental. 5 ptos

Familia numerosa: 4 ptos

Dous/dúas ou máis usuarios/as do mesmo núcleo familiar: 3ptos

Calquera outra situación susceptible de baremación: Informe dos servizos Sociais Comunitarios 4 ptos

5.- Valoración: Para a concesión das axudas as solicitudes ordearanse de maior a menor en función dos puntos obtidos polos/as

solicitantes, concedéndoselle a axuda a aqueles solicitantes cunha puntuación maior, ata a concesión de todas as axudas ou esgotamento do crédito dispoñible.

6.- Se o considera necesario, a Comisión cualificadora poderá ter en conta outras circunstancias do/a solicitante, debidamente acreditadas, que poidan afectar á súa situación económica, académica ou familiar e que non foron recollidas nestas bases.

7.- A presentación de solicitude da axuda implicará a autorización ao Concello de Carballo para comprobar a veracidade dos datos ou para facer as consultas a outras administracións que considere oportunas para solicitar a información necesaria para a adxudicación da axuda, sendo necesaria tamén a autorización do resto dos membros computables da unidade familiar que obteñan ingresos, que deberán asinar para tal fin no impreso de solicitude e indicar o seu NIF.

CUARTA.-

O crédito total destinado á concesión de axudas ás familias para as actividades de conciliación no verán no concello de Carballo no ano 2016 ascende a **oito mil euros (8.000€)**. Este importe irá con cargo á aplicación orzamentaria 2310.4890001 do Orzamento Xeral do Concello.

QUINTA.-

As solicitudes para tomar parte nesta convocatoria deberán presentarse en impreso oficial no Rexistro Xeral do Concello de Carballo (preferentemente no Rexistro existente nos Servizos Sociais, Praza do Médico Eduardo Mariño s/nº), no prazo de 15 días naturais, contados dende o día seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no BOP, na páxina web e no taboleiro de anuncios do Concello. O impreso oficial facilitarase no Rexistro Xeral do Concello e nas oficinas municipais de Servizos Sociais. Co impreso de solicitude entregaranse os seguintes documentos:

a) Volante de convivencia colectivo no Concello de Carballo.

b) Fotocopia do libro de familia no cal figuren todos os membros da unidade familiar. No caso de non ter libro de familia ou se a situación familiar non coincide coa reflectida no libro, terá que presentarse

documento ou documentos que acrediten os membros da unidade familiar.

c) Fotocopia do DNI ou NIF provisional do beneficiario e fotocopia do DNI do pai, nai ou titor/a que conste na solicitude da axuda.

d) No caso de discapacidade do/a neno/a, do/a solicitante ou dalgún dos membros da unidade familiar incluídos na solicitude deberá acompañarse copia compulsada de:

- Certificado emitido polo órgano competente do grao de minusvalidez cunha porcentaxe igual ou superior ao 33%,

- Resolución ou certificado emitido pola Seguridade Social de pensión de incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou grande invalidez.

- Documentación acreditativa da condición de pensionista de clases pasivas cunha pensión de xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade.

e) Copia da Declaración do Imposto sobre a Renda do 2015 de todos os membros computables da unidade familiar.

No caso de exención legal de presentar a Declaración da renda, presentárase certificado de estar exento de facela, no que tamén consten os datos sobre os ingresos que posúe a Axencia Tributaria e declaración xurada dos ingresos obtidos pola unidade familiar no ano 2015, achegando fotocopia compulsada de todos e cada un dos documentos acreditativos correspondentes.

Os/as residentes ausentes ou emigrantes presentarán, no caso anterior, certificación acreditativa das retribucións íntegras anuais que perciban da empresa ou entidade onde traballen.

f) Documentación acreditativa de calquera outra circunstancia que se alegue para que se teña en conta nos criterios de concesión. (reolucións de prestacións económicas do SEPE ou calquera outro organismo público)

g) Xustificante do pagamento da actividade.

h) Acreditación da situación familiar mediante a sentenza xudicial

i) Declaración xurada de que non percibe outras axudas de calquera tipo para a mesma finalidade ou, no caso de telas solicitado e non ter aínda resposta, indicar a que organismo.

j) Xustificante de titularidade onde constará o número de conta (co IBAN) a nome do beneficiario da axuda. Cando o beneficiario fose menor de idade, deberá constar tamén como titular o pai, nai ou titor/a que conste na solicitude de axuda.

k) Declaración xurada de que está ao corrente coas obrigas

tributarias coa Axencia Tributaria e coa Seguridade Social.

A documentación que se presente deberá ter validez na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

As solicitudes presentadas serán revisadas e examinadas polos servizos técnicos municipais, e os defectos que se aprecien nelas serán comunicados aos interesados e interesadas, para que no prazo de dez días procedan á súa reparación.

SEXTA.-

As solicitudes presentadas serán valoradas de acordo cos criterios de outorgamento especificados nestas Bases.

A concesión das axudas realizarase en réxime de concorrencia competitiva e resolverá a Xunta de Goberno Local, logo da proposta motivada da Comisión avaliadora correspondente. A dita comisión estará formada por:

Presidenta: Concelleira delegada de Servizos Sociais.

Vogais: Xefa de área do Departamento de Servizos Sociais (ou persoa en quen delegue) e unha Traballadora Social do departamento

Na Comisión avaliadora actuará como secretario/a, sen voto, un/unha funcionario/a da unidade administrativa é que lle corresponda a súa tramitación.

COMPUTO DE VALORACIÓN APLICABLE

De 19 puntos en diante: Axuda do 100% das cotas

De 16 a 18 ptos: Axuda do 75% das cotas

De 10 a 15 ptos: Axuda do 50% das cotas

Menos de 10 ptos: Sen dereito a axuda

*Importe máximo da axuda 100€

A resolución co acordo de concesión e denegación das axudas publicarase no taboleiro de anuncios do Concello de Carballo.

SÉTIMA.-

O pagamento das axudas efectuaráselle á/ao solicitante da axuda (ao beneficiaria/o ou á/ao seu representante legal segundo proceda), unha vez resolto a concesión das axudas.

Os beneficiarios deberán acreditar o cumprimento da finalidade para a que se concede a axuda, coa presentación do pertinente xustificante de pagamento da actividade.

Todas as axudas están suxeitas ao Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas.

OITAVA.-

Os/as beneficiarios das axudas están obrigados a destinar a axuda finalidade para a que se concede, podendo o Concello solicitarlle que acredite ante a entidade concedente o cumprimento dos requisitos e condicións que determinen a concesión da axuda.

Estas axudas son incompatibles con calquera outra que teña a mesma finalidade ou para a mesma finalidade que puideran recibirse doutras entidades ou persoas públicas ou privadas. Polo tanto, as/os beneficiarias/os das axudas deberán comunicarlle ao Concello de Carballo a obtención doutras axudas ou subvencións para a mesma finalidade.

O Concello poderá esixir a devolución da axuda se ten coñecemento de que a/o beneficiaria/o obtivo outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade.

Os/as beneficiarios deberán someterse ás actuacións de comprobación do Concello e ás de control financeiro que corresponde á Intervención Municipal así como facilitar toda a información que lle sexa requerida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións.

DÉCIMA.-

De conformidade coa Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro de Protección de datos de carácter persoal (LOPD), infórmase que os datos suministrados nos formularios que se presenten a esta convocatoria poden pasar a formar parte dun ficheiro automatizado de titularidade do Concello de Carballo, cuxa finalidade é a xestión da convocatoria para a que se presenta esta solicitude. O responsable dos datos recollidos será a Concellaría de Servizos Sociais, con enderezo en Praza do Concello, s/n 15100 Carballo. O Concello de Carballo e a Concellaría de Servizos Sociais comprométense a adoptar as medidas de seguridade que correspondan en cumprimento do establecido na lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal. O interesado poderá exercer os

seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, entregando o formulario disposto para tal finalidade no Rexistro de Entrada Municipal, no enderezo electrónico lopdc@carballo.org ou chamando ao tfno. 981 704 703.

UNDÉCIMA.-

Con respecto ao non previsto nestas bases aplicarase supletoriamente:

- Ley 38/2003, de 17 de novembro, General de Subvenciones
- R.D.887/2006 polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, seral de subvencións.
- Lei 9/2007, de 2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Carballo

DUODÉCIMA.-

Facúltase amplamente á Alcaldía para os efectos de execución de canto antecede.

Segundo.- Aprobar un gasto por un importe total de **8.000€** con cargo á aplicación orzamentaria 2310.4890001 do Orzamento Xeral do Concello de Carballo (Retención de crédito número , referencia intervención) para facer fronte á concesión e pago das axudas previstas nas Bases.

Carballo, 7 de xuño de 2016

Asdo.: M^a CARMEN URES GARCIA
Concelleira de Servizos Sociais